

MODIFICACIÓN DAS INSTRUCIÓNS DA VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS DE 25 DE FEBREIRO DE 2010, POLAS QUE SE EFECTÚAN MODIFICACIÓNS SOBRE AS INSTRUCIÓNS DO 30 DE MARZO DE 2009 QUE REGULAN AS PROBAS DE AVALIACIÓN E AS ACTAS DE CUALIFICACIÓNS DOS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO

Á vista da experiencia na xestión dos procedementos que describen as citadas Instrucións, resolvo modificar o apartado 4 destas, que queda como segue:

4.- SITUACIÓNS DE CARÁCTER EXCEPCIONAL

Poderán dispor dun réxime especial de peche e entrega de actas:

a) Aquelas titulacións de grao e de mestrado universitario para os Traballos Fin de Grao (TFG) e os Traballos Fin de Mestrado (TFM), nas que o seu alumnado teña dificultades para concluílos e defendelos na oportunidade de xuño, por ter que integrar na súa realización competencias e coñecementos adquiridos na propia titulación, con independencia de que teñan ou non prácticas curriculares.

b) Aquelas titulacións de grao e de mestrado universitario que por mor da realización de prácticas de carácter obrigatorio, polo tanto suxeitas a cualificación e cuxo TFG ou TFM, deba ser entregado con posterioridade á realización daquelas.

A concesión deste réxime especial correspóndelle á Vicerreitoría de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías ante a que se deberá realizar a correspondente solicitude, antes do último día lectivo do mes de marzo de cada ano en curso, agás aquelas titulacións de mestrados universitarios que teñan 90 créditos ECTS e nas que a súa duración é dun curso académico completo e do primeiro cuadrimestre do seguinte, que deberán realizar a correspondente solicitude antes do último día lectivo do mes de novembro de cada ano en curso.

A solicitude de concesión deste réxime especial deberá fixar as datas de peche e entrega de actas.

Este réxime de carácter especial só resultará de aplicación para as cuestións sinaladas: TFG, TFM e prácticas, sendo necesario que as materias do plano de estudos estean xa superadas e cualificadas nas datas establecidas no calendario académico aprobado polo Consello de Goberno para o curso académico correspondente.

A Coruña, 21 de marzo de 2012

O Reitor

PD. artigo 5.1 da Resolución Reitoral de 16/01/2012

O Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías


 UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Julio Abalde Alonso